

Anuncio aprobación padrón prezo público actividades culturais, educativas, deportivas e de ocio primeiro prazo curso 2025/2026

Mediante resolución de alcaldía de data de 8 de xuño de 2026 aprobouse o padrón das actividades culturais, educativas, deportivas e de ocio correspondente ao primeiro prazo do curso 2025/2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns

De conformidade coa ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, **dende o 11 de xuño de 2026 ao 12 de agosto de 2026.**

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e debeñaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Brión, na data da sinatura dixital
O alcalde